


Live USB dende Windows

1. Descargamos o programa para Windows: **unetbootin-windows-version.exe**, onde version é o número de versión do programa.
2. **Prerequisites:** Vai ser necesario ter instalado o programa **7-zip** (*xestor de arquivos cun alto nivel de compresión*) co cal descargámolo dende <http://www.7-zip.org/download.html> e instalámolo.
3. Executamos o programa **unetbootin-windows-version.exe**. Automáticamente colle:
 - ♦ O idioma que teñas configurado no Sistema Operativo (para saber idiomas da interface soportados dirixirse a <http://unetbootin.sourceforge.net/#translations>)
 - ♦ A variable temporal que teñas configurada no Sistema Operativo onde vai descargar a distribución.
 - ♦ O primeiro dispositivo memoria USB que recoñeza.







Antes de nada escollemos a unidade USB na que queremos crear a distribución Live, neste exemplo escollemos a unidade I:\

Agora temos, básicamente 2 opcións:

- ◆ **Opción 1:** na cal descargaremos de Internet unha distribución que escollemos dentro da lista de distribución do programa.
- ◆ **Opción 2:** na cal xa temos descargada ou creada unha distribución en formato imaxe CD nun arquivo .iso





Imos ver como proceder en ambas opcións:

Opción 1: Por defecto no programa aparece activada a opción **Distribución**, na cal podemos elixir que distribución queremos descargar e que versión da mesma. Unha vez escollida a distribución é a súa versión picamos en Aceptar.



Picar en **Salir** se queremos seguir trabajando en Windows ou picar en **Reiniciar ahora** se queremos probar a distribución Live USB (ver a sección **Elixir Arranque dende USB**).

Opción 2: Seleccionamos a segunda opción do programa: **Imagen de Disco**, onde podemos cargar a ISO baixada no paso anterior ou o arquivo .ISO que xa tiñamos.



Picar en **Salir** se queremos seguir traballando en Windows ou picar en **Reiniciar ahora** se queremos probar a distribución Live USB (ver a sección **Elixir Arranque dende USB**).

4. **Elixir Arranque dende USB:** Podemos probar o funcionamento da memoria USB reiniciando o PC e elixindo coma primeira opción de arranque na BIOS o dispositivo USB. Hoxe en día a maioría dos PCs permitiran no arranque parar o mesmo presionando unha tecla (por exemplo F12) aparecendo un menú onde podemos escoller o dispositivo de arranque.

--ricardofc 26 mai 2009